

CONTA XERAL

DO

VALEDOR DO POBO

EXERCICIO 2017

RESOLUCIÓN DA VALEDORA DO POBO

Confeccionada a **Conta Xeral do Valedor do Pobo** do exercicio 2017, con suxeición aos principios, normas e contidos **do Plan Xeral de Contabilidade Pública de Galicia**, sométese a aprobación da Mesa do Parlamento para a súa posterior publicación no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia e remisión ao Consello de Contas.

Santiago de Compostela, 20 de xullo de 2018

A valedora do pobo

Milagros Otero Parga

ÍNDICE

1.	Informe da Conta Xeral do ano 2017.....	1
2.	Balance de situación.....	10
3.	Conta do resultado económico-patrimonial.....	13
4.	Liquidación do orzamento corrente e resultado orzamentario.....	16
5.	Memoria	
5.1	Organización.....	43
5.2	Información de carácter financeiro.....	45
5.2.1	Cadro de financiamento.....	46
5.2.2	Estado de remanente de tesouraría.....	49
5.2.3	Estado de tesouraría.....	50
5.2.4	Estado do fluxo neto de tesouraría.....	52
5.2.5	Período medio de pago a provedores.....	53
5.3	Información acerca da execución do gasto público.....	54
5.3.1	Estado operativo.....	55
5.3.2	Clasificación funcional do gasto.....	56
5.3.3	Modificacións do crédito.....	57
5.3.4	Remanentes de crédito.....	59
5.3.5	Contratación administrativa.....	62
5.3.6	Subvencións e transferencias concedidas.....	64
5.3.7	Persoal.....	65
5.3.8	Obrigas de orzamentos pechados.....	66
5.4	Información sobre a execución do ingreso público.....	68
5.4.1	Proceso de xestión dos ingresos correntes.....	69
5.4.2	Transferencias recibidas pola Institución.....	75
5.4.3	Aplicación do remanente de tesouraría do ano 2016.....	76
5.4.4	Dereitos a cobrar de orzamentos pechados.....	77
5.4.5	Compromisos de ingreso.....	79
5.5	Información acerca do inmovilizado non financeiro.....	80
5.6	Información relativa ás inversións financeiras.....	87
5.6.1	Operacións de inversión de excedentes de tesouraría.....	87
5.7	Información relativa ao endebedamento.....	88
5.8	Información acerca das garantías recibidas pola Institución.....	89
5.9	Información complementaria ao cadro de financiamento.....	91
6.	Gráficas de evolución 2013-2017.....	101

I N F O R M E RELATIVO Á CONTA XERAL DE 2017

En exercicio das funcións que me atribúen os artigos 23 e concordantes do Regulamento de Réxime orzamentario e Contable do Parlamento de Galicia e Valedor do Pobo, emítense o presente informe:

I. REGULACIÓN XURÍDICA

- Lei 6/1985, de creación do Consello de Contas de Galicia, modificada pola Lei 8/2015.
- Lei 47/2003, xeral orzamentaria.
- Decreto lexislativo 1/99, do 7 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia. (TRLRFOG) artigos 109 e seguintes.
- Regulamento de réxime orzamentario e contable do Parlamento de Galicia e do Valedor do Pobo, publicado no BOPG nº 362, do 27/05/2003 (en diante ROC), e a Disposición derradeira primeira deste que remite, supletoriamente, no non previsto neste regulamento, á lexislación orzamentaria da Comunidade Autónoma de Galicia e, se é o caso, á lexislación orzamentaria do Estado.
- Orden do 06 de maio de 1994 polo que se aproba o Plan xeral de Contabilidade Pública.
- Orden do 28 de novembro de 2001 polo que se aproba o Plan Xeral de Contabilidade Pública de Galicia.
- Lei galega 2/2011 de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira (LDPSFG).
- Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (LOEPSF).
- Regulamento núm. 549/2013, do Parlamento Europeo e do Consello, do 21 de maio (DOCE. 26-06-2013), que aproba o SEC 2010.
- Real Decreto 635/2014, do 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía do calculo do período medio de pago a provedores das AAPP e as condicións e o procedemento de retención de recursos dos réximes de financiamento, previstos na Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira. Modificado por Real Decreto 1040/2017.
- Real Decreto- Lei 17/2014, de 26 de decembro, de medidas de sustentabilidade financeira das CCA e EELL e outras de carácter económico, que crea o Fondo de Financiamento da CCAA.
- Resolución do 04/07/2017, da Secretaria do Tesouro e Política Financeira, pola que se define o principio de prudencia financeira aplicable ás operacións de endebedamento e derivados das Comunidades Autónomas e Entidades Locais.
- Lei 19/2013 de Transparencia.
- Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.
- Regulamento de Réxime Interior do Consello de Contas aprobado o 27 de febreiro de 2017 e publicado no D.O.G. nº 46 do 07 de marzo de 2017.

II. FUNDAMENTOS XURIDICOS E ECONÓMICOS

1) INTRODUCCIÓN

O Valedor do Pobo implantou xunto co Parlamento de Galicia, con efectos de 1 de xaneiro de 1997, o sistema de información contable propio das entidades públicas ás que lles é aplicable o réxime de Contabilidade Pública recollido na Orde do 6 de maio de 1994 pola

que se aproba o Plan Xeral de Contabilidade Pública, cualificado na súa propia orde de aprobación como un plan contable marco.

De igual xeito que o Parlamento de Galicia, o Valedor do Pobo elaborou a Conta Xeral do ano 2017 con suxeición ao Plan Xeral de Contabilidade Pública de Galicia do ano 2001 e ao Regulamento de Réxime Orzamentario e Contable do ano 2003. Este regulamento no seus artigos 22 e 23 dispón:

- Que o Parlamento e o Valedor do Pobo sométense ao réxime de contabilidade pública, constitúen entidades contables independentes e axustan a súa xestión contable ao Plan Xeral de Contabilidade Pública do 6 de maio de 1994 e ao Plan Xeral de Contabilidade Pública de Galicia do 29 de novembro de 2001. A xestión contable, a súa estrutura e mailo o seu contido axustaranse ao disposto nos plans xerais de contabilidade pública
- Que ámbalas dúas institucións elaborarán anualmente unha conta xeral formadas pola Intervención do Parlamento, e a remitirán á Mesa do Parlamento antes do 31 de xullo do exercicio seguinte.
- Que unha vez aprobadas as Contas Xerais remitiranse ao Consello de Contas de Galicia, previsión que xa estaba recollida no artigo 92.2 do Regulamento de Réxime Interior de dito órgano de control externo.

Cómpre engadir que, asemade, as contas deberán ser obxecto de publicación no Portal de Transparencia en cumprimento do estipulado no artigo 8.1. da Lei 19/2013 de Transparencia, aplicable ao Parlamento de conformidade co artigo 2.1.f) do dito texto, así como a actual Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, cando alude a información cuxa difusión sexa relevante para o coñecemento xeral (artigo 11.1.i).

2) CONTIDO DA CONTA XERAL

Os estados comprensivos da Conta Xeral configúranse como un documento básico e esencial para o exercicio das funcións fiscalizadoras na súa tripla acepción de control de legalidade, control financeiro e control de eficacia. Tanto o informe á Conta Xeral, elaborado polo órgano interventor encargado do control interno, como a labor fiscalizadora que exerce, por delegación do Tribunal de Contas, o Consello de Contas, teñen como obxectivo analizar se os estados que compoñen a Conta Xeral e toda a información contable na que se basean, reflicten a imaxe fiel do patrimonio da Entidade, en función da plasmación das distintas operacións realizadas na execución orzamentaria e extraorzamentaria, así como a acreditación do soporte documental de cada unha das operacións realizadas nos termos que rexen nesta institución, sen que en ningún caso deba deducirse valoración ningunha da xestión realizada polos órganos responsables desta. Esta valoración dos resultados da xestión pública, posta de manifesto precisamente nos estados e contas anuais, corresponde, en primeira instancia, aos órganos xestores encargados da xestión e control político e , en última, ao conxunto dos

cidadáns.

A contabilidade pública do noso país optou por un modelo dualista no que se integran a contabilidade financeira e a contabilidade orzamentaria, e por iso as contas anuais ofrecen unha variedade de magnitudes, estados financeiros e resultados que é preciso analizar conxuntamente para unha correcta interpretación da información que subministran.

As contas anuais están compostas por unha serie de documentos, formando todos eles unha unidade, que teñen por obxecto amosar a imaxe fiel do patrimonio, da situación financeira, do resultado económico-patrimonial e da execución do orzamento. Estes documentos son os seguintes:

- Balance.
- Conta de Resultado Económico-Patrimonial.
- Estado de Liquidación do Orzamento.
- Memoria.

As magnitudes mais relevantes que se deducen das contas anuais son as seguintes:

A. Resultado económico patrimonial:

Este resultado é a variación dos fondos propios da entidade producida no exercicio como consecuencia das súas operacións orzamentarias e non orzamentarias.

O resultado determínase pola diferenza entre os ingresos e os gastos, dedúcese da Conta do Resultado Económico-Patrimonial e se é positiva constitúe un aforro e se é negativa un desaforro.

O Resultado Económico-Patrimonial do Valedor do Pobo no ano 2017 amosa un aforro por importe de 247.262,30 euros.

B. Resultado Orzamentario

O resultado orzamentario do exercicio amosa un superávit de financiamento de 327.263,69 euros, o que significa que os ingresos foron superiores aos gastos nesa cantidade. Este resultado dedúcese da Liquidación do Orzamento.

A continuación reproducense os rateos e indicadores orzamentarios calculados no momento da elaboración da liquidación do orzamento:

INDICADORES DO ORZAMENTO CORRENTE

$$1.1 \text{ Execución do orzamento de ingresos} = \frac{\text{Dereitos recoñecidos netos}}{\text{Previsións definitivas}} = \frac{1.998.558,81}{1.901.514,98} = 105,10 \%$$

$$1.2 \text{ Execución do orzamento de gastos} = \frac{\text{Obrigas recoñecidas netas}}{\text{Créditos definitivos}} = \frac{1.744.379,90}{1.901.514,98} = 91,74 \%$$

$$1.3 \text{ De recadación de dereitos} = \frac{\text{Recadación neta}}{\text{Dereitos recoñecidos netos}} = \frac{1.712.908,51}{1.998.558,81} = 85,71 \%$$

$$1.4 \text{ De pagamentos realizados} = \frac{\text{Pagamentos realizados}}{\text{Obrigas recoñecidas netas}} = \frac{1.702.524,06}{1.744.379,90} = 97,60 \%$$

DE MODIFICACIÓNS

$$2.1 \text{ Modificacións totais} = \frac{\text{Total modificacións}}{\text{Orzamento inicial}} = \frac{169.912,98}{1.731.602,00} = 9,81 \%$$

$$2.2 \text{ De transferencias positivas} = \frac{\text{Transferencias positivas}}{\text{Orzamento inicial}} = \frac{30.430,58}{1.731.602,00} = 1,76 \%$$

$$2.3 \text{ De transferencias negativas} = \frac{\text{Transferencias negativas}}{\text{Orzamento inicial}} = \frac{-30.430,58}{1.731.602,00} = -1,76 \%$$

$$2.4 \text{ De incorporacións de remanentes de crédito} = \frac{\text{Incorporación de remanentes}}{\text{Orzamento inicial}} = \frac{53.739,08}{1.731.602,00} = 3,10 \%$$

$$2.5 \text{ De créditos extraordinarios} = \frac{\text{Créditos extraordinarios}}{\text{Orzamento inicial}} = \frac{15.400,00}{1.731.602,00} = 0,89 \%$$

$$2.6 \text{ De suplementos de crédito} = \frac{\text{Suplementos de crédito}}{\text{Orzamento inicial}} = \frac{100.773,90}{1.731.602,00} = 5,82 \%$$

C. Resultados Financeiros

C.1. Remanente de Tesouraría

O remanente de tesouraría é un estado que se acompaña na Memoria e o seu signo, positivo ou negativo, pon de manifesto a capacidade ou necesidade de financiamento acumulada total.

O remanente do Valedor do Pobo no 31 de decembro de 2017 ten un saldo positivo de 2.737.157,06 euros.

C.2. Estado de tesouraría

Este estado, que tamén se acompaña na Memoria, amosa a capacidade ou necesidade inmediata de liquidez.

O fluxo neto de tesouraría no exercicio 2017 foi positivo en 191.446,38 euros e xunto co saldo inicial da tesouraría no comezo do exercicio determina que as existencias líquidas no 31 de decembro de 2017 sexan de 2.573.939,56 euros.

3) CUMPRIMENTO DO PRINCIPIO DE ESTABILIDADE

O orzamento do ano 2017 aprobouse, executouse e liquidouse en situación de equilibrio orzamentario computado en termos de capacidade de financiamento, dando cumprimento ao disposto na Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira.

4) ANÁLISE DOS RESULTADOS

4.1. ANÁLISE DA SITUACIÓN FINANCEIRA

4.1.1 Liquidez e equilibrio financeiro a curto prazo

A principal magnitude empregada para avaliar a situación financeira a curto prazo dunha administración pública é o remanente de tesouraría. Un remanente positivo é un bo indicador da saúde financeira dunha entidade xa que pon de manifesto a liquidez acumulada total. Esta liquidez permitiríalle a unha entidade financiar maiores gastos no exercicio seguinte.

No caso particular do Valedor do Pobo, o remanente de tesouraría é positivo en 2.737.157,06 euros. Isto indica a boa situación financeira a curto prazo da institución tendo en conta ademais os seguintes aspectos:

- a) O importe dos dereitos pendentes de cobro corresponden unicamente ás transferencias directas da Comunidade Autónoma que se reciben de forma periódica.
- b) O importe total dos fondos líquidos é máis que suficiente para atender os pagos pendentes de realización no final do ano sen ocasionar tensións financeiras.

4.1.2 Análise da tesouraría

Durante 2017 o fluxo neto de tesouraría foi positivo en 191.446,38 euros, é dicir, os cobros realizados durante o exercicio foron maiores que os pagos realizados durante o mesmo período.

4.1.3 Situación financeira a longo prazo

A posición financeira a longo prazo nunha administración pública depende basicamente das súas dispoñibilidades de tesouraría e/ou a súa capacidade de xerar ingresos en relación cos compromisos xa adquiridos a longo prazo como é, por exemplo, o endebedamento.

No caso particular do Valedor do Pobo a súa autonomía financeira como órgano estatutario proporciónalle unha total seguridade de cobro dos seus futuros ingresos.

As débedas a longo prazo con entidades de créditos que figuran en balance non teñen a súa orixe na cobertura de posibles déficits de financiamento, senón que adquiríronse como consecuencia da subvención no tipo de xuro de préstamos formalizados polo persoal funcionario da institución para adquisición de vivenda. Por ilo, non supuxeron nin suporán no futuro entrada de fondos na institución. A amortización anual da débeda ten para o Parlamento a consideración de subvención de capital, con cobertura anual no seu orzamento.

En resumo, a boa situación financeira do Valedor do Pobo, tanto a curto como a longo prazo, débese basicamente:

1. O remanente de tesouraría do exercicio, é positivo, estando ademais constituído por dispoñibilidades líquidas reais. Polo tanto, de ser empregado para financiar maiores gastos no exercicio seguinte, non daría lugar a tensións de tesouraría, suposta unha execución equilibrada do novo orzamento.
2. Á autonomía financeira da institución, garantida coas transferencias da Xunta de Galicia, elimina a incerteza nos cobramentos e permite a cobertura de tódolos seus compromisos tanto a curto como a longo prazo.

4.2. ANÁLISE ECONÓMICO-PATRIMONIAL

4.2.1 Análise do resultado económico-patrimonial

O resultado económico-patrimonial do exercicio 2017 é positivo en 247.262,30 euros. Este saldo debe interpretarse como un aforro da entidade na medida en que os ingresos do exercicio foron suficientes para dar cobertura aos gastos producidos durante o mesmo período. É preciso sinalar que o resultado económico-patrimonial, con ser un fluxo económico da entidade, non será un bo indicador, ou polo menos non suficientemente explicativa, da xestión pública, en termos de actividade produtiva e cumprimento de obxectivos de prestación de servizos, a diferenza do que ocorre no caso das empresas, por unha razón moi simple: o obxectivo das empresas é a maximización do seu beneficio, ao que non responde ás Administracións Públicas, e se ben estas procuraran na axeitada execución das súas obrigas o equilibrio financeiro, sendo útil para amosar a viabilidade financeira destas, considerase mais importante o resultado orzamentario e outros parámetros que permiten observar a capacidade de financiamento a curto prazo (liquidez) como a longo prazo (sen necesidade de acudir a endebedamento)

4.2.2 Análise de resultado orzamentario

O resultado orzamentario do exercicio 2017 presenta un saldo positivo de 327.263,69 euros, é dicir, os dereitos recoñecidos durante o exercicio foron maiores nesa cantidade ás obrigas recoñecidas durante o mesmo período. Polo tanto, a Institución xerou máis recursos dos consumidos no período.

4.3. ANÁLISE DO PATRIMONIO DA ENTIDADE

Este análise céntrase basicamente na estrutura do seu inmovilizado e na composición dos fondos propios da Entidade.

A/ Inmovilizado

Tendo en conta que o balance de situación recolle aqueles bens que teñen a consideración de patrimoniais e aqueles bens afectos ao servizo público, da súa composición cabe destacar o seguinte :

- a) Máis dun 80% do valor de seu inmovilizado está formado polo valor da construción que constitúe a sede do Valedor do Pobo.
- b) Do resto do inmovilizado destacan as inversións en mobiliario, equipos informáticos, aplicacións informáticas así como outro inmovilizado material no que se inclúen os fondos bibliográficos.

A súa valoración respecta en todo caso os principios contables establecidos no Plan Xeral de Contabilidade Pública.

B/ Fondos propios

Os fondos propios da entidade a finais de 2017 son de 5.607.403,95 euros distribuídos do seguinte xeito:

- Patrimonio recibido en adscrición: 3.233.842,08 euros, formado fundamentalmente polo valor da construción e do terreo no momento que se constitúe o Valedor do Pobo.
- Patrimonio : 2.126.299,57 euros
- Resultados do exercicio: 247.262,30 euros.

No ámbito público o concepto de fondos propios dista moito de ser o mesmo que no ámbito privado (achegas dos accionistas máis beneficios retidos). O seu importe ven determinado pola diferenza entre o conxunto de bens e dereitos da Institución neste caso, e as obrigas asumidas pola mesma. Esta cifra de patrimonio verase aumentada ou reducida nos exercicios sucesivos, entre outras causas, polos resultados positivos ou

negativos obtidos durante o mesmo, é dicir, polo aforro ou desaforro xerado pola Institución.

5) REPAROS FORMULADOS

É propio do contido da Conta Xeral facer constar o resultado dos controles internos que pola intervención se desenvolveron en cada exercicio.

Non se formalizaron reparos ao longo do exercicio 2017. Débese ter en conta a configuración da función fiscalizadora nesta entidade ao abeiro dos artigos 29,30 e 31 do Regulamento orzamentario e contable de aplicación, que en caso de ser desfavorable suspendería calquera expediente, motivo polo que semella non chegarse a dito extremo atendendo os requirimentos da intervención.

Polo exposto, queda formada a Conta Xeral de 2017 que proponse á Mesa do Parlamento cara a súa aprobación.

Santiago de Compostela, 20 de xullo de 2018

A interventora

BALANCE DE SITUACIÓN**ACTIVO**

CONTAS	DENOMINACIÓN	IMPORTE 2017	IMPORTE 2016
	INMOBILIZADO	2.870.246,89	2.877.163,50
	Inmovilizado inmaterial	38.104,41	23.215,14
212	Propiedade industrial	768,22	768,22
215	Aplicacións informáticas	220.404,46	197.800,58
281	Am. ac. de inmovilizado inmaterial	-183.068,27	-175.353,66
	Inmovilizado material	2.832.142,48	2.853.948,36
220	Terreos e bens naturais	10.778,55	10.778,55
221	Construcións	3.396.692,03	3.396.692,03
222	Instalacións técnicas	43.255,34	43.255,34
226	Mobiliario	541.285,27	540.975,51
227	Equipos para procesos de información	173.673,36	144.433,31
228	Elementos de transporte	62.870,00	62.870,00
229	Outro inmovilizado material	306.972,06	301.564,55
282	Am. ac. de inmovilizado material	-1.703.384,13	-1.646.620,93
	GASTOS A DISTRIBUIR EN VARIOS EJERCICIOS	672,48	1.088,24
273	Gastos diferidos por préstamos subvencionados	672,48	1.088,24
	ACTIVO CIRCULANTE	2.859.589,86	2.659.114,02
430	Debedores	285.650,30	276.620,84
	Debedores por dereitos recoñ. Orz. ingresos etc.	285.650,30	276.620,84
571	Tesourería	2.573.939,56	2.382.493,18
	Bancos e institucións de crédito. Ctas. operativas	2.573.939,56	1.382.493,18
577	Bancos e inst. de crédito. Contas financeiras	0,00	1.000.000,00
	Total Activo	5.730.509,23	5.537.365,76

BALANCE DE SITUACIÓN**PASIVO**

CONTAS	DENOMINACIÓN	IMPORTE 2017	IMPORTE 2016
	FONDOS PROPIOS	5.607.403,95	5.360.141,65
	Patrimonio		4.465.143,46
100	Patrimonio	2.126.299,57	1.231.301,38
101	Patrimonio recibido en adscripción	3.233.842,08	3.233.842,08
129	Resultados do exercicio	247.262,30	894.998,19
	Resultados do exercicio	247.262,30	894.998,19
	ACREDORES A LONGO PRAZO	351,96	672,48
	Outras débedas a longo prazo		672,48
172	Débeda l/p con ent.cred. por préstamos subvenc.	351,96	672,48
	ACREDORES A CURTO PRAZO	122.753,32	176.551,63
	Acredores	122.753,32	176.551,63
400	Acredores por obrigacións recoñecidas. Orz. cte.	41.855,84	99.048,26
475	Facenda pública, acredor por diversos conceptos	76.113,20	72.761,90
476	Organismos de prevision social acredores	4.463,76	4.325,71
522	Débedas a c/p de créditos por prést. subvenc.	320,52	415,76
	Total Pasivo	5.730.509,23	5.537.365,76

VALEDOR DO POBOData de Referencia: 31/12/2017
Data de Creación: 05/06/2018**CONTA DE RESULTADO ECONÓMICO-PATRIMONIAL**

DEBE			
CONTAS	DENOMINACIÓN	IMPORTES 2017	IMPORTES 2016
	GASTOS DE FUNCIONAMENTO DOS SERVICIOS	1.750.880,78	1.752.720,59
640	Gastos de persoal	1.319.397,11	1.276.267,12
642	Soldos e salarios	1.077.709,78	1.050.121,15
643	Cotizacións sociais a cargo do empregador	200.082,80	189.889,12
644	Aportacións a sistemas complementarios de pensións	23.441,76	20.230,24
	Outros gastos sociais	18.162,77	16.026,61
681	Dotacións para amortización do inmovilizado	64.477,81	64.332,11
682	Dotación amortización inmovilizado inmaterial	7.714,61	9.232,44
	Dotación amortización inmovilizado material	56.763,20	55.099,67
622	Outros gastos de xestión	367.005,86	412.121,36
623	Reparacións e conservación	66.622,39	110.550,60
625	Servizos profes. independ. e empresas consultoras	2.257,86	36.559,50
627	Primas de seguros	3.581,65	2.221,31
628	Gastos de edición e publicidade	17.992,14	10.954,10
629	Subministracións	25.969,43	24.690,71
630	Comunicacións e outros servizos	248.969,20	226.964,20
632	Tributos de carácter local	1.332,35	151,20
	Tributos de carácter estatal	280,84	29,74
651	GASTOS POR TRANSFERENCIAS E SUBVENCIONS	415,73	4.657,56
656	Subvencións correntes	415,73	4.657,56
	Subvencións de capital	0,00	4.151,20
	TOTAL DEBE	1.751.296,51	1.757.378,15
	AFORRO	247.262,30	894.998,19

CONTA DE RESULTADO ECONÓMICO-PATRIMONIAL**HABER**

CONTAS	DENOMINACIÓN	IMPORTES 2017	IMPORTES 2016
	OUTROS INGRESOS DE XESTION ORDINARIA	5.036,01	2.503,96
769	Outros ingresos financeiros	4.070,86	2.503,96
777	Outros ingresos	4.070,86	1.483,91
		0,00	1.020,05
773	Reintegros	965,15	0,00
	Outros ingresos de xestión	965,15	0,00
	INGRESOS TRANSFERENCIAS E SUBVENCIONS	1.993.522,80	2.649.872,38
750	Transferencias correntes	1.993.522,80	2.649.872,38
751	Subvencións correntes	1.978.872,80	2.629.072,38
755	Transferencias de capital	3.000,00	0,00
		11.650,00	20.800,00
	TOTAL HABER	1.998.558,81	2.652.376,34

LIQUIDACIÓN

DO

ORZAMENTO DE 2017

LIQUIDACIÓN

DO

ORZAMENTO DE 2017

CONTIDO

- Liquidación do orzamento corrente de 2017.
- Remanentes de crédito de 2017 para incorporar ao orzamento de 2018.
- Relación detallada dos dereitos pendentes de cobro e das obrigas pendentes de pagamento no 31 de decembro de 2017 e que pasan a formar parte dos orzamentos pechados de 2018.

Liquidación do orzamento corrente

- Resumo da liquidación do orzamento de ingresos por capítulo.
- Resumo da liquidación do orzamento de gastos por capítulo.
- Liquidación do orzamento de ingresos.
- Liquidación do orzamento de gastos.

e

Resultado orzamentario

LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DE INGRESOS
I.- LIQUIDACIÓN DO ESTADO DE INGRESOS

CONCEPTO	MODIFICACIÓN DE PREVISIONS			DEREITOS RECONOCIDOS NETOS	RECADACIÓN NETA	DEREITOS CANCELADOS	DEREITOS PDTES. DE COBRO NO 31/12
	PREVISIONS INICIAIS	MODIFICACIONES	PREVISIONS DEFINITIVAS				
3	0,00	0,00	0,00	965,15	965,15	0,00	0,00
4	1.702.252,00	0,00	1.702.252,00	1.981.872,80	1.696.222,50	0,00	285.650,30
Total operacións correntes	1.702.252,00	0,00	1.702.252,00	1.982.837,95	1.697.187,65	0,00	285.650,30
7	11.650,00	0,00	11.650,00	11.650,00	11.650,00	0,00	0,00
Total operacións capital	11.650,00	0,00	11.650,00	11.650,00	11.650,00	0,00	0,00
5	4.500,00	0,00	4.500,00	4.070,86	4.070,86	0,00	0,00
Total operacións patrimoniais	4.500,00	0,00	4.500,00	4.070,86	4.070,86	0,00	0,00
Total operacións non financeiras	1.718.402,00	0,00	1.718.402,00	1.998.558,81	1.712.908,51	0,00	285.650,30
8	13.200,00	169.912,98	183.112,98	0,00	0,00	0,00	0,00
Total cap. 8 e 9	13.200,00	169.912,98	183.112,98	0,00	0,00	0,00	0,00
Total operacións financeiras	13.200,00	169.912,98	183.112,98	0,00	0,00	0,00	0,00
Total Xen.:	1.731.602,00	169.912,98	1.901.514,98	1.998.558,81	1.712.908,51	0,00	285.650,30

VALEDOR DO POBO

Data de Referencia: 31/12/2017
Data de Creación: 07/02/2018

LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DE GASTOS
I.- LIQUIDACIÓN DO ESTADO DE GASTOS

CL. ORGÁNICA 0102 VALEDOR DO POBO

CL. FUNCIONAL 111B Actividade lexislativa

ECONÓMICO	CRÉDITOS ORZAMENTARIOS			COMPROMETIDOS	OBRIG. REC. NETAS	REMANENTES CRÉDITO	PAGOS	OBL. PTES. NO 31/12
	INICIAIS	MODIFICAC.	DEFINITIVOS					
1	1.324.502,00	-93,70	1.324.408,30	1.319.677,95	1.319.677,95	4.730,35	1.319.596,07	81,88
2	381.950,00	62.867,06	444.817,06	395.069,47	345.965,50	98.851,56	313.623,11	32.342,39
4	300,00	0,00	300,00	0,00	0,00	300,00	0,00	0,00
Total operacións correntes	1.706.752,00	62.773,36	1.769.525,36	1.714.747,42	1.665.643,45	103.881,91	1.633.219,18	32.424,27
6	11.100,00	120.135,74	131.235,74	78.320,72	78.320,72	52.915,02	68.984,34	9.336,38
7	550,00	0,00	550,00	415,73	415,73	134,27	320,54	95,19
Total operacións capital	11.650,00	120.135,74	131.785,74	78.736,45	78.736,45	53.049,29	69.304,88	9.431,57
Total operacións non financeiras	1.718.402,00	182.909,10	1.901.311,10	1.793.483,87	1.744.379,90	156.931,20	1.702.524,06	41.855,84
8	13.200,00	-12.996,12	203,88	0,00	0,00	203,88	0,00	0,00
Total cap. 8 e 9	13.200,00	-12.996,12	203,88	0,00	0,00	203,88	0,00	0,00
Total operacións financeiras	13.200,00	-12.996,12	203,88	0,00	0,00	203,88	0,00	0,00
TOTAL PROGRAMA	1.731.602,00	169.912,98	1.901.514,98	1.793.483,87	1.744.379,90	157.135,08	1.702.524,06	41.855,84
TOTAL ORGÁNICA	1.731.602,00	169.912,98	1.901.514,98	1.793.483,87	1.744.379,90	157.135,08	1.702.524,06	41.855,84
Total Xen.:	1.731.602,00	169.912,98	1.901.514,98	1.793.483,87	1.744.379,90	157.135,08	1.702.524,06	41.855,84

VALEDOR DO POBO

Data de Referencia: 31/12/2017
Data de Creación: 07/02/2018

LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DE INGRESOS I.- LIQUIDACIÓN DO ESTADO DE INGRESOS

CONCEPTO	DESCRIPCIÓN	MODIFICACIÓN DE PREVISIONS			DEREITOS RECONOCIDOS NETOS	RECADACIÓN NETA	DEREITOS CANCELADOS	DEREITOS PDTES. DE COBRO NO 31/12
		PREVISIONS INICIAIS	MODIFICACIONES	PREVISIONS DEFINITIVAS				
3	<u>Taxas, prezos e outros ingresos</u>							
38	Reintegros por operacións correntes				822,50	0,00	0,00	0,00
380	Reintegros de exercicios pechados	0,00	0,00	0,00	822,50	0,00	0,00	0,00
	TOTAL ARTIGO : 380	0,00	0,00	0,00	822,50	0,00	0,00	0,00
381	Reintegros de orzamento corrente	0,00	0,00	0,00	142,65	0,00	0,00	0,00
	TOTAL ARTIGO : 381	0,00	0,00	0,00	142,65	0,00	0,00	0,00
	TOTAL ARTIGO : 38	0,00	0,00	0,00	965,15	0,00	0,00	0,00
	CONCEPTO : 3	0,00	0,00	0,00	965,15	0,00	0,00	0,00
4	<u>Transferencias correntes</u>							
41	Da Admon. xeral da Comunidade Autónoma de Galicia							
41000	Transferencias correntes da comunidade au	1.702.252,00	0,00	1.702.252,00	1.978.872,80	0,00	0,00	285.650,30
	TOTAL ARTIGO : 410	1.702.252,00	0,00	1.702.252,00	1.978.872,80	0,00	0,00	285.650,30
	TOTAL ARTIGO : 41	1.702.252,00	0,00	1.702.252,00	1.978.872,80	0,00	0,00	285.650,30
49	Do exterior							
49900	Subvención Internacional Ombudsman Ins	0,00	0,00	0,00	3.000,00	0,00	0,00	0,00
	TOTAL ARTIGO : 499	0,00	0,00	0,00	3.000,00	0,00	0,00	0,00

VALEDOR DO POBO

Data de Referencia: 31/12/2017
Data de Creación: 07/02/2018

LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DE INGRESOS I.- LIQUIDACIÓN DO ESTADO DE INGRESOS

CONCEPTO	DESCRIPCIÓN	MODIFICACIÓN DE PREVISIONS			DEREITOS RECONOCIDOS NETOS	RECADACIÓN NETA	DEREITOS CANCELADOS	DEREITOS PDTES. DE COBRO NO 31/12
		PREVISIONS INICIAIS	MODIFICACIONES	PREVISIONS DEFINITIVAS				
	TOTAL ARTÍGO : 49	0,00	0,00	0,00	3.000,00	0,00	0,00	
	CONCEPTO : 4	1.702.252,00	0,00	1.702.252,00	1.981.872,80	0,00	285.650,30	
<u>5</u>	<u>Ingresos patrimoniais</u>							
52	Xuros de depósitos	4.500,00	0,00	4.500,00	4.070,86	0,00	0,00	
52000	Xuros de depósitos	4.500,00	0,00	4.500,00	4.070,86	0,00	0,00	
	TOTAL ARTÍGO : 520	4.500,00	0,00	4.500,00	4.070,86	0,00	0,00	
	TOTAL ARTÍGO : 52	4.500,00	0,00	4.500,00	4.070,86	0,00	0,00	
	CONCEPTO : 5	4.500,00	0,00	4.500,00	4.070,86	0,00	0,00	
<u>7</u>	<u>Transferencias de capital</u>							
71	Da Admon. xeral da Comunidade Autónoma de Galicia							
71000	Transferencias de capital da comunidade a	11.650,00	0,00	11.650,00	11.650,00	0,00	0,00	
	TOTAL ARTÍGO : 710	11.650,00	0,00	11.650,00	11.650,00	0,00	0,00	
	TOTAL ARTÍGO : 71	11.650,00	0,00	11.650,00	11.650,00	0,00	0,00	
	CONCEPTO : 7	11.650,00	0,00	11.650,00	11.650,00	0,00	0,00	
<u>8</u>	<u>Activos financeiros</u>							

23/102

VALEDOR DO POBO

Data de Referencia: 31/12/2017
Data de Creación: 07/02/2018

LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DE INGRESOS I.- LIQUIDACIÓN DO ESTADO DE INGRESOS

CONCEPTO	DESCRIPCIÓN	MODIFICACIÓN DE PREVISIONS			DEREITOS RECONOCIDOS NETOS	RECADACIÓN NETA	DEREITOS CANCELADOS	DEREITOS PDTES. DE COBRO NO 31/12
		PREVISIONS INICIAIS	MODIFICACIONES	PREVISIONS DEFINITIVAS				
83	Reintegro de préstamos concedidos fóra do sec.púb.							
83000	Reintegro de anticipos ao persoal	13.200,00	0,00	13.200,00	0,00	0,00	0,00	0,00
	TOTAL ARTÍGO : 830	13.200,00	0,00	13.200,00	0,00	0,00	0,00	0,00
	TOTAL ARTÍGO : 83	13.200,00	0,00	13.200,00	0,00	0,00	0,00	0,00
87	Remanente de tesourería							
870	Remanente de tesourería	0,00	169.912,98	169.912,98	0,00	0,00	0,00	0,00
	TOTAL ARTÍGO : 870	0,00	169.912,98	169.912,98	0,00	0,00	0,00	0,00
	TOTAL ARTÍGO : 87	0,00	169.912,98	169.912,98	0,00	0,00	0,00	0,00
	CONCEPTO : 8	13.200,00	169.912,98	183.112,98	0,00	0,00	0,00	0,00
	Total Xen.:	1.731.602,00	169.912,98	1.901.514,98	1.998.558,81	1.712.908,51	0,00	285.650,30

VALEDOR DO POBO

Data de Referencia: 31/12/2017
Data de Creación: 07/02/2018

LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DE GASTOS
I.- LIQUIDACIÓN DO ESTADO DE GASTOS

CL. ORGÁNICA 0102 VALEDOR DO POBO

CL. FUNCIONAL 111B Actividade lexislativa

ECONÓMIC O	DESCRCIÓN	CRÉDITOS ORZAMENTARIOS		COMPROMETID OS	OBRIG. REC. NETAS	REMANENTES CRÉDITO	PAGOS	OBL. PDTES. NO 31/12
		INICIAIS	DEFINITIVOS					
1	Gastos de persoal							
10	Altos cargos e delegados							
10000	Retribucións básicas	172.680,00	172.710,00	172.709,84	172.709,84	0,16	172.709,84	0,00
	TOTAL CONCEPTO : 100	172.680,00	172.710,00	172.709,84	172.709,84	0,16	172.709,84	0,00
	TOTAL ARTICULO : 10	172.680,00	172.710,00	172.709,84	172.709,84	0,16	172.709,84	0,00
11	Persoal eventual de gabinete							
11000	Retrib. básicas e outras remun. persoal eventual.	295.056,00	295.058,00	295.057,26	295.057,26	0,74	295.057,26	0,00
	TOTAL CONCEPTO : 110	295.056,00	295.058,00	295.057,26	295.057,26	0,74	295.057,26	0,00
	TOTAL ARTICULO : 11	295.056,00	295.058,00	295.057,26	295.057,26	0,74	295.057,26	0,00
12	Funcionarios							
12000	Soldos grupo A	47.518,00	48.738,00	48.500,85	48.500,85	237,15	48.500,85	0,00
12002	Soldos grupo C	41.132,00	41.132,00	38.333,45	38.333,45	2.798,55	38.333,45	0,00
12003	Soldos grupo D	34.234,00	34.234,00	34.063,68	34.063,68	170,32	34.063,68	0,00
12004	Soldos grupo E	31.332,00	31.332,00	31.176,88	31.176,88	155,12	31.176,88	0,00
12005	Trienios	43.306,00	43.681,00	42.820,33	42.820,33	860,67	42.820,33	0,00
	TOTAL CONCEPTO : 120	197.522,00	199.117,00	194.895,19	194.895,19	4.221,81	194.895,19	0,00
12100	Complemento de destino	105.244,00	108.599,00	106.148,35	106.148,35	2.450,65	106.148,35	0,00
12101	Complemento específico	295.390,00	297.943,00	292.294,72	292.294,72	5.648,28	292.294,72	0,00
12116	Prestacións económicas por IT, a compensar	0,00	0,00	8.383,40	8.383,40	-8.383,40	8.383,40	0,00
12117	Prestacións por diferenzas retributivas en IT	0,00	0,00	961,86	961,86	-961,86	961,86	0,00

VALEDOR DO POBO

Data de Referencia: 31/12/2017
Data de Creación: 07/02/2018

LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DE GASTOS
I.- LIQUIDACIÓN DO ESTADO DE GASTOS

CL. ORGÁNICA 0102 VALEDOR DO POBO

CL. FUNCIONAL 111B Actividade lexislativa

ECONÓMICO	DESCRCIÓN	CRÉDITOS ORZAMENTARIOS		COMPROMETIDOS	OBRIG. REC. NETAS	REMANENTES CREDITO	PAGOS	OBL. PDTES. NO 31/12
		INICIAIS	MODIFICAC. DEFINITIVOS					
	TOTAL CONCEPTO : 121	400.634,00	406.542,00	407.788,33	407.788,33	-1.246,33	407.788,33	0,00
12200	Incremento retributivo 1% de xaneiro a xuño	0,00	0,00	2.975,07	2.975,07	-2.975,07	2.975,07	0,00
	TOTAL CONCEPTO : 122	0,00	0,00	2.975,07	2.975,07	-2.975,07	2.975,07	0,00
	TOTAL ARTICULO : 12	598.156,00	605.659,00	605.658,59	605.658,59	0,41	605.658,59	0,00
15	Incentivos ao rendemento							
151	Gratificacións	3.030,00	4.284,76	4.284,09	4.284,09	0,67	4.284,09	0,00
	TOTAL CONCEPTO : 151	3.030,00	4.284,76	4.284,09	4.284,09	0,67	4.284,09	0,00
	TOTAL ARTICULO : 15	3.030,00	4.284,76	4.284,09	4.284,09	0,67	4.284,09	0,00
16	Cotas, prest. e gtos. soc. por conta do empregador							
16000	Seguridade Social	207.050,00	200.132,54	200.082,80	200.082,80	49,74	200.082,80	0,00
	TOTAL CONCEPTO : 160	207.050,00	200.132,54	200.082,80	200.082,80	49,74	200.082,80	0,00
16200	Formación e perfeccionamento do persoal	505,00	505,00	0,00	0,00	505,00	0,00	0,00
16201	Economatos e comedores	2.129,00	2.129,00	1.133,21	1.133,21	995,79	1.133,21	0,00
16204	Acción social	10.504,00	10.504,00	10.503,24	10.503,24	0,76	10.503,24	0,00
16205	Seguros	10.100,00	8.134,00	6.526,32	6.526,32	1.607,68	6.444,44	81,88
16209	Outros gastos sociais do persoal	23.676,00	23.676,00	23.441,76	23.441,76	234,24	23.441,76	0,00
	TOTAL CONCEPTO : 162	46.914,00	44.948,00	41.604,53	41.604,53	3.343,47	41.522,65	81,88
16300	Ingresos a conta das retribucións en especie	1.616,00	1.616,00	280,84	280,84	1.335,16	280,84	0,00
	TOTAL CONCEPTO : 163	1.616,00	1.616,00	280,84	280,84	1.335,16	280,84	0,00

VALEDOR DO POBO

Data de Referencia: 31/12/2017
Data de Creación: 07/02/2018

LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DE GASTOS I.- LIQUIDACIÓN DO ESTADO DE GASTOS

CL. ORGÁNICA 0102 VALEDOR DO POBO
CL. FUNCIONAL 111B Actividade lexislativa

ECONÓMICO	DESCRIPCIÓN	CRÉDITOS ORZAMENTARIOS		COMPROMETIDOS	OBRIG. REC. NETAS	REMANENTES CREDITO	PAGOS	OBL. PTES. NO 31/12
		INICIAIS	MODIFICAC. DEFINITIVOS					
	TOTAL ARTICULO : 16	255.580,00	-8.883,46	241.968,17	241.968,17	4.728,37	241.886,29	81,88
	ECONÓMICO : 1	1.324.502,00	-93,70	1.319.677,95	1.319.677,95	4.730,35	1.319.596,07	81,88
2	<u>Gastos en bens correntes e servizos</u>							
21	Reparacións, mantemento e conservación							
212	Edificios e outras construcións	2.000,00	0,00	817,33	478,53	1.521,47	478,53	0,00
	TOTAL CONCEPTO : 212	2.000,00	0,00	817,33	478,53	1.521,47	478,53	0,00
213	Maquinaria, instalacións e utensilios	8.000,00	0,00	5.284,54	5.284,54	2.715,46	4.901,81	382,73
	TOTAL CONCEPTO : 213	8.000,00	0,00	5.284,54	5.284,54	2.715,46	4.901,81	382,73
214	Material de transporte	2.300,00	0,00	1.576,58	1.576,58	723,42	1.511,24	65,34
	TOTAL CONCEPTO : 214	2.300,00	0,00	1.576,58	1.576,58	723,42	1.511,24	65,34
215	Mobiliario e aparellos	2.000,00	0,00	66,48	66,48	1.933,52	66,48	0,00
	TOTAL CONCEPTO : 215	2.000,00	0,00	66,48	66,48	1.933,52	66,48	0,00
216	Equipamentos para procesos de información	49.200,00	-3.560,00	37.963,72	37.600,72	8.039,28	30.702,88	6.897,84
	TOTAL CONCEPTO : 216	49.200,00	-3.560,00	37.963,72	37.600,72	8.039,28	30.702,88	6.897,84
	TOTAL ARTICULO : 21	63.500,00	-3.560,00	45.708,65	45.006,85	14.933,15	37.660,94	7.345,91
22	Material, subministracións e outros							
22000	Ordinario non inventariable	15.000,00	0,00	10.565,44	10.565,44	4.434,56	6.181,21	4.384,23
22001	Prensa, revistas, libros e outras publicacións	6.000,00	0,00	7.713,49	7.713,49	-1.713,49	7.017,74	695,75
22002	Material informático non inventariable	3.000,00	0,00	4.631,03	4.631,03	-1.631,03	3.682,27	948,76

VALEDOR DO POBO

Data de Referencia: 31/12/2017
Data de Creación: 07/02/2018

LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DE GASTOS
I.- LIQUIDACIÓN DO ESTADO DE GASTOS

CL. ORGÁNICA 0102 VALEDOR DO POBO
CL. FUNCIONAL 111B Actividade lexislativa

ECONÓMICO	DESCRIPCIÓN	CRÉDITOS ORZAMENTARIOS		COMPROMETIDOS	OBRIG. REC. NETAS	REMANENTES CREDITO	PAGOS	OBL. PTES. NO 31/12
		INICIAIS	MODIFICAC. DEFINITIVOS					
	TOTAL CONCEPTO : 220	24.000,00	0,00	22.909,96	22.909,96	1.090,04	16.881,22	6.028,74
22100	Energía eléctrica	25.000,00	1.834,25	19.023,48	17.391,61	9.442,64	17.391,61	0,00
22101	Auga	3.200,00	0,00	2.016,13	2.016,13	1.183,87	1.909,04	107,09
22103	Combustibles	3.000,00	0,00	2.943,03	2.943,03	56,97	2.717,33	225,70
22104	Vestuario	2.100,00	0,00	3.593,85	3.593,85	-1.493,85	3.593,85	0,00
22106	Produtos farmacéuticos e material sanitario	0,00	0,00	24,81	24,81	-24,81	24,81	0,00
22109	Subministracións mat. electrónico, eléctrico e com	1.000,00	0,00	856,02	856,02	143,98	856,02	0,00
	TOTAL CONCEPTO : 221	34.300,00	1.834,25	28.457,32	26.825,45	9.308,80	26.492,66	332,79
22200	Telefónicas	13.000,00	0,00	13.247,30	9.162,12	3.837,88	8.437,33	724,79
22201	Postais	12.200,00	674,80	10.169,73	9.134,70	3.740,10	9.134,70	0,00
22202	Telegráficas	100,00	0,00	17,10	17,10	82,90	17,10	0,00
	TOTAL CONCEPTO : 222	25.300,00	674,80	23.434,13	18.313,92	7.660,88	17.589,13	724,79
223	Transportes	100,00	0,00	0,00	0,00	100,00	0,00	0,00
	TOTAL CONCEPTO : 223	100,00	0,00	0,00	0,00	100,00	0,00	0,00
224	Primas de seguros	5.450,00	0,00	3.581,65	3.581,65	1.868,35	3.581,65	0,00
	TOTAL CONCEPTO : 224	5.450,00	0,00	3.581,65	3.581,65	1.868,35	3.581,65	0,00
225	Tributos	200,00	845,00	1.332,35	1.332,35	-287,35	1.332,35	0,00
	TOTAL CONCEPTO : 225	200,00	845,00	1.332,35	1.332,35	-287,35	1.332,35	0,00
2260101	Gastos de representación dos órganos de goberno	9.000,00	0,00	5.898,71	5.898,71	3.101,29	5.898,71	0,00
2260102	Gastos de protocolo institucional	3.000,00	5.831,60	10.865,99	9.857,43	-1.025,83	8.891,61	965,82
22602	Publicidad, propaganda e difusión da imaxe instit.	3.000,00	0,00	2.236,00	2.236,00	764,00	2.236,00	0,00
22606	Reunións e conferencias	2.500,00	0,00	1.802,22	1.802,22	697,78	1.802,22	0,00
22618	XXXII Xornadas de Coordinación Valedores do Pobo	0,00	15.400,00	8.923,01	8.923,01	6.476,99	8.923,01	0,00

VALEDOR DO POBO

Data de Referencia: 31/12/2017
Data de Creación: 07/02/2018

LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DE GASTOS
I.- LIQUIDACIÓN DO ESTADO DE GASTOS

CL. ORGÁNICA 0102 VALEDOR DO POBO
CL. FUNCIONAL 111B Actividade lexislativa

ECONÓMICO	DESCRIPCIÓN	CRÉDITOS ORZAMENTARIOS		COMPROMETIDOS	OBRIG. REC. NETAS	REMANENTES CREDITO	PAGOS	OBL. PTES. NO 31/12
		INICIAIS	MODIFICAC. DEFINITIVOS					
	TOTAL CONCEPTO : 226	17.500,00	21.231,60	38.731,60	29.725,93	10.014,23	27.751,55	965,82
22701	Seguranza	46.500,00	4.108,05	50.608,05	48.975,05	1.892,73	45.075,75	3.639,57
22706	Estudios e traballos técnicos	6.000,00	42.216,16	48.216,16	42.639,66	45.958,30	2.257,86	0,00
22709	Servizos prev. riscos laborais e asistencia médica	2.000,00	0,00	2.000,00	2.220,26	-220,26	234,66	1.985,60
22719	Mantemento integral do edificio: limpeza, calef...	134.000,00	0,00	134.000,00	132.499,80	1.500,20	121.458,15	11.041,65
22799	Outros traballos realizados por outras empresas	4.000,00	508,20	4.508,20	2.938,07	1.570,13	2.806,89	131,18
	TOTAL CONCEPTO : 227	192.500,00	46.832,41	239.332,41	229.272,84	50.701,10	171.833,31	16.798,00
	TOTAL ARTICULO : 22	299.350,00	71.418,06	370.768,06	338.714,18	80.456,05	265.461,87	24.850,14
23	Indemnizacións por razóns do servizo							
230	Axudas de custo	3.000,00	0,00	3.000,00	1.609,14	1.390,86	1.609,14	0,00
	TOTAL CONCEPTO : 230	3.000,00	0,00	3.000,00	1.609,14	1.390,86	1.609,14	0,00
231	Locomoción	11.000,00	0,00	11.000,00	8.764,30	2.235,70	8.617,96	146,34
	TOTAL CONCEPTO : 231	11.000,00	0,00	11.000,00	8.764,30	2.235,70	8.617,96	146,34
233	Outras indemnizacións	100,00	0,00	100,00	273,20	-173,20	273,20	0,00
	TOTAL CONCEPTO : 233	100,00	0,00	100,00	273,20	-173,20	273,20	0,00
	TOTAL ARTICULO : 23	14.100,00	0,00	14.100,00	10.646,64	3.453,36	10.500,30	146,34
27	Publicacións							
270	Edicións e distribucións	5.000,00	-4.991,00	9,00	0,00	9,00	0,00	0,00
	TOTAL CONCEPTO : 270	5.000,00	-4.991,00	9,00	0,00	9,00	0,00	0,00

VALEDOR DO POBO

Data de Referencia: 31/12/2017
Data de Creación: 07/02/2018

LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DE GASTOS
I.- LIQUIDACIÓN DO ESTADO DE GASTOS

CL. ORGÁNICA 0102 VALEDOR DO POBO

CL. FUNCIONAL 111B Actividade lexislativa

ECONÓMICO	DESCRIPCIÓN	CRÉDITOS ORZAMENTARIOS		COMPROMETIDOS	OBRIG. REC. NETAS	REMANENTES CREDITO	PAGOS	OBL. PTES. NO 31/12
		INICIAIS	MODIFICAC. DEFINITIVOS					
	TOTAL ARTICULO : 27	5.000,00	-4.991,00	9,00	0,00	9,00	0,00	0,00
	ECONÓMICO : 2	381.950,00	62.867,06	444.817,06	395.069,47	98.851,56	313.623,11	32.342,39
4	<u>Transferencias correntes</u>							
48	A familias e institucións sen fins de lucro							
48100	Transferencias a institución sen fins de lucro	300,00	0,00	300,00	0,00	300,00	0,00	0,00
	TOTAL CONCEPTO : 481	300,00	0,00	300,00	0,00	300,00	0,00	0,00
	TOTAL ARTICULO : 48	300,00	0,00	300,00	0,00	300,00	0,00	0,00
	ECONÓMICO : 4	300,00	0,00	300,00	0,00	300,00	0,00	0,00
6	<u>Investimentos reais</u>							
62	Investimento novo asociado ao func.oper.dos serv.							
623	Maquinaria, instalacións e utensilios	1.000,00	0,00	1.000,00	0,00	1.000,00	0,00	0,00
	TOTAL CONCEPTO : 623	1.000,00	0,00	1.000,00	0,00	1.000,00	0,00	0,00
625	Mobiliario e utensilios	1.000,00	0,00	1.000,00	0,00	1.000,00	0,00	0,00
	TOTAL CONCEPTO : 625	1.000,00	0,00	1.000,00	0,00	1.000,00	0,00	0,00
626	Equipamentos para procesos de información	3.000,00	27.547,12	30.547,12	29.549,81	997,31	24.993,61	4.556,20
	TOTAL CONCEPTO : 626	3.000,00	27.547,12	30.547,12	29.549,81	997,31	24.993,61	4.556,20
62800	Fondos de biblioteca	3.000,00	0,00	3.000,00	3.356,56	-356,56	3.356,56	0,00
62801	Fondos artísticos	100,00	0,00	100,00	0,00	100,00	0,00	0,00

30/102

VALEDOR DO POBO

Data de Referencia: 31/12/2017
Data de Creación: 07/02/2018

LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DE GASTOS
I.- LIQUIDACIÓN DO ESTADO DE GASTOS

CL. ORGÁNICA 0102 VALEDOR DO POBO

CL. FUNCIONAL 111B Actividade lexislativa

ECONÓMICO	DESCRIPCIÓN	CRÉDITOS ORZAMENTARIOS		COMPROMETIDOS	OBRIG. REC. NETAS	REMANENTES CREDITO	PAGOS	OBL. PTES. NO 31/12
		INICIAIS	MODIFICAC. DEFINITIVOS					
62802	Outro inmovilizado material	0,00	2.500,00	2.050,95	2.050,95	449,05	2.050,95	0,00
	TOTAL CONCEPTO : 628	3.100,00	2.500,00	5.407,51	5.407,51	192,49	5.407,51	0,00
	TOTAL ARTICULO : 62	8.100,00	30.047,12	34.957,32	34.957,32	3.189,80	30.401,12	4.556,20
63	Inves.de reposición asociado ao func.oper.dos serv							
632	Edificios e outras construcións	1.000,00	19.953,52	20.759,52	20.759,52	194,00	20.759,52	0,00
	TOTAL CONCEPTO : 632	1.000,00	19.953,52	20.759,52	20.759,52	194,00	20.759,52	0,00
	TOTAL ARTICULO : 63	1.000,00	19.953,52	20.759,52	20.759,52	194,00	20.759,52	0,00
64	Gastos en investimentos de carácter inmaterial							
640	Gastos en investimentos de carácter inmaterial	2.000,00	70.135,10	22.603,88	22.603,88	49.531,22	17.823,70	4.780,18
	TOTAL CONCEPTO : 640	2.000,00	70.135,10	22.603,88	22.603,88	49.531,22	17.823,70	4.780,18
	TOTAL ARTICULO : 64	2.000,00	70.135,10	22.603,88	22.603,88	49.531,22	17.823,70	4.780,18
	ECONÓMICO : 6	11.100,00	120.135,74	78.320,72	78.320,72	52.915,02	68.984,34	9.336,38
Z	<u>Transferencias de capital</u>							
78	A familias e institucións sen fins de lucro							
780	A familias	550,00	0,00	415,73	415,73	134,27	320,54	95,19
	TOTAL CONCEPTO : 780	550,00	0,00	415,73	415,73	134,27	320,54	95,19
	TOTAL ARTICULO : 78	550,00	0,00	415,73	415,73	134,27	320,54	95,19

31/102

VALEDOR DO POBO

Data de Referencia: 31/12/2017
Data de Creación: 07/02/2018

LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DE GASTOS
I.- LIQUIDACIÓN DO ESTADO DE GASTOS

CL. ORGÁNICA 0102 VALEDOR DO POBO

CL. FUNCIONAL 111B Actividade lexislativa

ECONÓMICO	DESCRCIÓN	CRÉDITOS ORZAMENTARIOS		COMPROMETIDOS	OBRIG. REC. NETAS	REMANENTES CREDITO	PAGOS	OBL. PTES. NO 31/12
		INICIAIS	MODIFICAC.					
ECONÓMICO : 7		550,00	0,00	415,73	415,73	134,27	320,54	95,19
<u>8</u>	<u>Activos financeiros</u>							
83	Concesión de préstamos fóra do sector público							
83000	Anticipos ao persoal	13.200,00	-12.996,12	203,88	0,00	203,88	0,00	0,00
	TOTAL CONCEPTO : 830	13.200,00	-12.996,12	203,88	0,00	203,88	0,00	0,00
	TOTAL ARTICULO : 83	13.200,00	-12.996,12	203,88	0,00	203,88	0,00	0,00
	ECONÓMICO : 8	13.200,00	-12.996,12	203,88	0,00	203,88	0,00	0,00
	TOTAL PROGRAMA	1.731.602,00	169.912,98	1.901.514,98	1.744.379,90	157.135,08	1.702.524,06	41.855,84
	TOTAL ORGÁNICA	1.731.602,00	169.912,98	1.901.514,98	1.744.379,90	157.135,08	1.702.524,06	41.855,84
Total Xen.:		1.731.602,00	169.912,98	1.901.514,98	1.744.379,90	157.135,08	1.702.524,06	41.855,84

RESULTADO ORZAMENTARIO

CONCEPTOS	DEREITOS RECONOCIDOS NETOS	OBRIGAS RECONOCIDAS NETAS	IMPORTE
1. (+) Operacións non financeiras	1.998.558,81	1.744.379,90	254.178,91
2. (+) Operacións con activos financeiros	0,00	0,00	0,00
3. (+) Operacións comerciais	0,00	0,00	0,00
I. RESULTADO ORZAMENTARIO (1+2+3)	1.998.558,81	1.744.379,90	254.178,91
II. VARIACIÓN NETA DE PASIVOS FINANCEIROS	0,00	0,00	0,00
III. SALDO ORZAMENTARIO DO EXERCICIO (I+II)			254.178,91
4.- (+) Créditos gastados financiados con remanente de tesorería			73.084,78
5. (-) Desviacións de financiación positivas por recursos do exercicio en gastos con financiación afectada			0,00
6. (+) Desviacións de financiación negativas en gastos con financiación afectada			0,00
IV. SUPERAVIT O DÉFICIT DE FINANCIACIÓN DO EXERCICIO (III+4-5+6)			327.263,69

Créditos gastados no 2017 e financiados co Remanente de Tesouraría de 2016

Remanentes incorporados

PARTIDA	EXPLICACIÓN	FASE	REMANENTES		IMPORTE MODIFICACIÓN		CRÉDITO GASTADO
			ORZAMENTO 2016	ORZAMENTO 2017	COMPROMETIDOS	NON COMPROMETIDOS	
01.02.111B.221.00	FACTURACIÓN DO CONSUMO ELÉCTRICO DO MES DE DECEMBRO DE 2016	D		X	1.834,25		1.834,25
01.02.111B.222.01	FACTURACIÓN DO SERVIZO POSTAL DO MES DE DECEMBRO DE 2016	D		X	674,80		674,80
01.02.111B.225	LICENZA DE OCUPACIÓN DE VIA PÚBLICA PARA O PINTADO EXTERIOR DO EDIFICIO	D		X	845,00		845,00
01.02.111B.226.01.02	MATERIAL PARA AGASALLOS (PARAUGAS, CARPETAS, USB E BOLSAS)	D		X	2.548,87		2.548,87
01.02.111B.226.01.02	MATERIAL PARA AGASALLOS	D		X	3.282,73		3.282,73
01.02.111B.227.01	FACTURACIÓN DO SERVIZO DE VIXIANCIA E SEGURIDADE DO MES DE DECEMBRO DE 2016	D		X	3.639,57		3.639,57
01.02.111B.227.01	CONEXIÓN Á CENTRAL DE ALARMAS (XANEIRO E FEBREIRO 2016)	D		X	109,31		109,30
01.02.111B.227.01	CONEXIÓN Á CENTRAL DE ALARMAS (MARZO A DECEMBRO 2016)	D		X	359,17		359,17
01.02.111B.227.06	SERVIZON DE CONSULTORÍA INFORMÁTICA	D		X	10.381,80		0,00
01.02.111B.227.06	TRABALLOS VARIOS PARA O PINTADO EXTERIOR DO EDIFICIO	D		X	1.834,36		1.834,36
01.02.111B.227.99	FACTURACIÓN DO MANTENIMENTO DE ASCENSORES (OUTUBRO, NOVEMBRO E DECEMBRO 2016)	D		X	508,20		508,20
01.02.111B.632	SUBMINISTRO E INSTALACIÓN DA REDE INFORMÁTICA DO VALEDOR	D		X	1.360,38		1.360,38
01.02.111B.632	PINTADO EXTERIOR DO EDIFICIO	D		X	10.630,64		10.630,64
01.02.111B.640	DESEÑO, CONSTRUCCIÓN E IMPLANTACIÓN DA PÁXINA WEB DA COMISIÓN DA TRANSPARENCIA	D		X	15.730,00		15.730,00
TOTAL					53.739,08		43.357,27

Suplementos de crédito

	IMPORTE MODIFICACIÓN	CRÉDITO GASTADO
01.02.111B.227.06	CONVENIO ONCE, COGAMI, FADEMG A E FAXPG	0,00
01.02.111B.626	SUBMINISTRACIÓN DE SERVIDORES	13.064,50
